

2.3 Filosofía e cidadanía

2.3.1 Contidos

O ser humano: persoa e sociedade

- Evolución biolóxica: hominización
- Aparición da cultura: humanización.
- Dialéctica entre natureza e cultura na conduta humana.
- Dimensión social da persoa: socialización e dialéctica entre individuo e sociedade.
- Percepción e conceptualización do mundo, e comunicación simbólica a través da linguaxe.

Saberes racionais

- Racionalidade filosófica: dimensións e ámbitos.
- Racionalidade científica.
- Conexións e diferenzas ente a ciencia e a filosofía.
- Preguntas e problemas fundamentais da filosofía.

Da filosofía moral á filosofía política

- Fundamentos da acción moral: liberdade e responsabilidade.
- Tránsito da heteronomía á autonomía moral.
- Teorías éticas ante os retos da sociedade actual: felicidade e xustiza.
- Idea de cidadanía: xénese histórica e baseamento filosófico.

Estado, cidadanía e democracia

- Estado: orixe e lexitimidade do poder político.
- Dereitos humanos e a súa positivización constitucional por parte do Estado.
- Fundamentos filosóficos do Estado democrático e de dereito: lexitimidade legal-democrática.
- Retos da democracia no mundo actual globalizado e intercomunicado: cara a unha cidadanía cosmopolita.

2.3.2 Criterios de avaliación

Os criterios que se establecen deseguido están orientados a comprobar o grao de consecución por parte do alumnado, dos obxectivos conceptuais e procedementais prescritos no currículo. Estes criterios concréntanse metodoloxicamente no desenvolvemento de catro tipos de acción desde os que se deberá observar o grao de consecución dos citados obxectivos. Agora ben, tanto o proceso de aprendizaxe como as accións en que este se pon de manifesto son sempre complexos, polo que cada criterio debe ser tomado como un complemento dos outros, como unha perspectiva desde a que completar todo o proceso de avaliación da aprendizaxe.

CA1 Formular, identificar e manexar os conceptos, as teorías e os problemas básicos en relación cos temas propostos nos bloques e nas aliñas dos contidos

Con este criterio trátase de comprobar o nivel de comprensión dos problemas propostos e o grao de coñecemento, de asimilación e de dominio de nocións básicas en torno a estes.

CA2 Aplicar e identificar na lectura e na análise de textos escritos os conceptos, as nocións e as teorías referidas aos contidos.

Con este criterio deberase comprobar a capacidade para abordar comprensivamente as fontes de información sobre os temas propostos, así como a competencia de lectura e as destrezas apareladas a ela (capacidade de análise, de síntese, etc.).

CA3 Utilizar con corrección e comprensivamente o vocabulario técnico específico en cada ámbito da materia.

Con este criterio hase comprobar o grao de incorporación significativa do vocabulario técnico e específico de cada ámbito, así como o nivel de precisión, de exactitude e de rigor no seu uso.

CA4 Transferir e aplicar as nocións, os conceptos e as teorías a análises da vida real e do contorno.

Con este criterio poderase comprobar o grao de funcionalidade e de significatividade dos conceptos e das teorías que se adquiriran, así como o nivel de conciencia asumido acerca da utilidade dos saberes académicos.